

## 2.2. Os sectores económicos

A poboación activa distribúese en tres sectores económicos.

A **evolución** destes sectores en España pasou por varias etapas:

a) **O sector primario** inclúe as actividades dedicadas á obtención de materias primas: agricultura, gandería, explotación forestal, pesca e minería. A principios do século XX ocupaba á maioría da poboación (63,6%) debido a que a economía e a sociedade eran agrarias. Desde entón, reduciuse, salvo en momentos concretos, ata alcanzar cifras moi baixas (4,0% en 2008).

- **No primeiro terzo do século XX**, o seu descenso coincidiu co inicio do éxodo rural.

- **Durante a Guerra Civil e a posguerra** recuperouse, pois a poboación permaneceu no campo ante as dificultades de emprego e de alimentación existentes nas cidades, e ante as expectativas levantadas inicialmente pola política de colonización do franquismo (extensión do regadío e creación de novos núcleos de hábitat rural).

- **Entre 1950 e 1975** proseguíu a redución da poboación ocupada no sector primario ao acelerarse o éxodo rural coa mecanización do campo e a oferta de emprego na industria e os servizos turísticos.

- **Desde 1975**, o descenso desacelérase, pola detención do éxodo rural a raíz da crise e porque xa se atopa en niveis baixos. Non obstante, aínda cabe esperar un descenso, a medida que a modernización agraria obrigue ao abandono das explotacións pouco rendibles.

b) **O sector secundario** comprende as actividades destinadas á transformación das materias primas: a industria e a construción. A principios do século XX ocupaba a unha escasa porcentaxe da poboación (16%), debido ao insuficiente desenvolvemento industrial. Desde entón, tivo un crecemento fluctuante ata se situar en cifras similares ás doutros países industrializados europeos (27,9% en 2008).

- **No primeiro terzo do século XX**, a poboación ocupada no sector secundario creceu co impulso dado á industria e ás obras públicas pola ditadura de Primo de Rivera.

## Actividades


**37** Comenta a táboa da evolución da taxa de actividade e o gráfico da evolución da taxa de paro en España.

**38** A partir das táboas que acompañan o texto, analiza a situación da muller en canto á actividade económica.

**39** Compara as taxas de actividade e de paro de Galicia coa media española consultando o mapa desta páxina e explica as semellanzas ou diferenzas que se aprecian.

EVOLUCIÓN DA TAXA DE ACTIVIDADE POR GRUPOS DE IDADE	HOMES 2007	MULLERES 2007
De 16 a 19	34,69	24,45
De 20 a 24	72,15	62,44
De 25 a 29	90,56	80,90
De 30 a 34	94,43	78,55
De 35 a 39	94,89	73,80
De 40 a 44	93,75	72,53
De 45 a 49	92,10	67,92
De 50 a 54	88,68	58,28
De 55 a 59	76,59	41,51
De 60 a 64	47,96	22,82
De 65 a 69	7,82	3,30
De 70 e máis	1,50	0,43

Fonte: INE.



TAXA DE PARO POR GRUPOS DE IDADE EN 2008 (%)			
Anos	Ambos os sexos	Homes	Mulleres
De 16 a 19	28,71	23,89	35,95
De 20 a 24	15,13	12,48	18,34
De 25 a 29	9,15	7,61	10,99
De 30 a 44	7,08	5,13	9,66
De 45 a 54	6,28	4,61	8,62
De 55 e máis	5,60	4,63	7,39
<b>Total</b>	<b>8,26</b>	<b>6,37</b>	<b>10,25</b>

Fonte: INE.

1996, a taxa recupérase, ante a prosperidade económica e o crecemento da inmigración. A taxa de actividade **feminina**, partindo de cifras baixas e de descensos durante as épocas máis intensas do éxodo rural, aumenta desde a década de 1970. Este feito viuse facilitado por motivos ideolóxicos (cambio de mentalidade sobre o seu papel na sociedade), demográficos (control da natalidade) e económicos (crecemento do emprego no sector terciario e necesidade familiar dun segundo salario).

- **En función da idade**, as maiores taxas de actividade para os varóns danse entre os 35 e 39 anos, e para as mulleres, entre os 25 e os 29. A partir de aí, a súa taxa de actividade decrece, pois algunhas abandonan o traballo pola familia, ante as dificultades para conciliar a actividade laboral e a vida familiar.
- **En función do territorio**, as taxas de actividade son máis altas nas comunidades de maior dinamismo económico, que ofrecen máis posibilidades de emprego no sector terciario (Madrid, costa mediterránea e ambos os dous arquipélagos) ou nas comunidades que contan cunha elevada diversificación económica (Navarra e A Rioxa). En cambio, son máis baixas nas zonas de menor dinamismo económico (Galicia e interior peninsular) ou prolongadamente afectadas pola crise industrial (cornixa cantábrica), e nas comunidades con maior peso da poboación nova (Andalucía) ou envellecida (interior peninsular).

### 2.1.2. A taxa de paro

a) **A evolución** da taxa de paro pasou por diferentes etapas:

- **Ata 1973** non foi un problema grave (non superaba o 3% da poboación activa), pois a presión demográfica sobre o mercado laboral resolvíase mediante a emigración ao exterior e a escasa incorporación da muller ao traballo fóra do fogar.
- **Entre 1973 e 1975**, o paro experimentou un grande aumento pola destrución de emprego causada pola crise e a reconversión industrial, unida a unha maior demanda laboral por parte dos emigrantes retornados, das mulleres, e dunha poboación nova máis numerosa, a xeración do «baby boom».
- **Entre 1985 e 1995**, o paro pasou por dúas fases: un lixeiro retroceso entre 1985 e 1990 pola mellora da situación económica, e un aumento entre 1990 e 1995, debido á crise económica destes anos.
- **Desde 1995 a 2008**, a taxa de paro descendeu debido á favorable conxuntura económica, a entrada no mercado laboral de xeracións menos numerosas e as reformas legislativas que flexibilizaron o emprego e crearon novos tipos de contratos para facilitar o traballo dos mozos (contratos para a formación e en prácticas).

• **Na actualidade**, as cifras de paro débense, principalmente, ao aumento da produtividade, que reduce a necesidade de man de obra, e a conxunturas económicas recesivas, como a iniciada en 2008, que elevou novamente a poboación desempregada.

b) **A taxa de paro presenta variacións en función do sexo** (maior paro feminino), **a idade** (maior desemprego xuvenil), **o nivel de instrución** (máis paro canto menor cualificación, pois é maior a competencia polos postos de traballo), **a época do ano** (paro estacional tras a recolección das colleitas e a redución da demanda hoteleira no inverno) e **a comunidade autónoma** (máis paro nas de menor dinamismo económico ou maior peso da poboación nova, como Extremadura e Andalucía).